



SOCIEDADE GALEGA DE SEXOLOXÍA

II Concurso de Narracións Eróticas

I Concurso de Debuxo Erótico

Obxetivos

- Dar a coñecer en Galicia o noso labor xa que somos a única Sociedade Galega de Sexoloxía legalizada pola Xunta. Tamén somos membros da Federación Española de Sociedades de Sexología (F.E.S.S.).
- Sensibilizar á sociedade galega e implicala no recoñecemento da sexualidade coma algo positivo e diverso dende os puntos de vista: docente, investigador e terapéutico.
- Implicar ós artistas: escritores, pintores, etc. para unha aproximación social mais activa, na sociedade galega.
- Pór en valor as fantasías xunto co erotismo, evitando a banalización do sexo.
- Analizar a influencia dos medios informáticos coma o "cibersexo" e a pornografía "on line" que engaden unha dependencia maior a unha xuventude con sede de pracer e de hedonismo, baixando a autoestima e tendo coma modelo carencias das xeneracións anteriores en canto a violencia de xénero e as conductas machistas.